

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**3425** *ORDE ITC/476/2005, do 1 de marzo, pola que se modifica a Orde do 21 de marzo de 1986 pola que se aproba o Regulamento de estacións de afeccionado. («BOE» 52, do 2-3-2005.)*

O actual Regulamento de estacións de afeccionado aprobouse mediante a Orde do 21 de marzo de 1986, publicada no Boletín Oficial del Estado número 92 do 17 de abril de 1987, e foi modificado pola Orde do 1 de abril de 1998 e pola Resolución do 6 de marzo de 1990.

A evolución tecnolóxica en materia de radiocomunicacións e as decisións adoptadas pola Conferencia Mundial de Radiocomunicacións de 2003 (CMR-2003) da Unión Internacional de Telecomunicacións (UIT), en particular as modificacións introducidas no artigo 25 do Regulamento de radiocomunicacións sobre disposicións relativas ao servizo de afeccionados, aconsellan unha revisión parcial do actual Regulamento de estacións de afeccionado.

O artigo 14 do Regulamento relativo ao uso do dominio público radioeléctrico, aprobado pola Orde ministerial do 9 de marzo de 2000 e cuxa vixencia mantén a disposición transitoria primeira da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, establece que a utilización daquelas partes do espectro de frecuencias radioeléctricas que o Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias delimite como de uso especial exixirá previamente a obtención dunha autorización administrativa individualizada, nos termos que se establezan mediante orde ministerial.

Esta orde dítase ao abeiro da competencia exclusiva estatal en materia de telecomunicacións, prevista polo artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución.

Na súa virtude, dispoño:

Primeiro. *Modificacións do Regulamento de estacións de afeccionado.*—Modifícase o Regulamento de estacións de afeccionado, aprobado pola Orde do 21 de marzo de 1986, nos seguintes termos.

Un. Nova redacción do artigo 18:

«Artigo 18.

1. Admitida a solicitude de exame para a obtención do diploma de operador, os interesados deberán demostrar a súa suficiencia mediante un exame que versará sobre as seguintes materias:

Primeira. Coñecementos suficientes de electricidade e radioelectricidade para operar unha estación de afeccionado.

Segunda. Bo coñecemento da normativa regulamentaria referente ás estacións de afeccionado.

Terceira. Proba práctica ou teórico-práctica de manexo dunha estación de afeccionado.

2. A Administración convocará exames, como máximo tres veces cada ano, dándolle a cada unha das

probas que se detallan no punto 1 deste artigo, así como ao seu conxunto, as cualificacións de apto ou no apto. A Administración expedirá o diploma de operador para os declarados aptos na totalidade das probas.

3. Os interesados que non obtivesen as cualificacións de apto en todas ou nalgunha das probas que se detallan no punto 1 deste artigo nunha convocatoria, terán dereito a repetir na seguinte o exame da proba ou probas non superadas. En caso de non obter a cualificación de apto nalgunha das probas nestas dúas convocatorias consecutivas, os interesados deberán iniciar de novo o procedemento, tal e como se establece no artigo 17 deste regulamento, conservando o seu carácter de apto na proba xa superada.»

Dous. Insírense no anexo I de características técnicas das estacións de afeccionado, punto 4. «Características técnicas das emisións», cadro I (licenza A), cadro III (licenzas A, B), a seguinte fila no devandito cadro e as observacións seguintes:

Banda de frecuencias MHz	Portadora	Clases de emisión autorizadas
50,0 –51,0	100 W	(2) (3) (4)

Observacións:

Esta banda de frecuencias está tamén atribuída a título primario ao servizo de radiodifusión polo que as emisións na antedita banda deberán ser previamente autorizadas pola Administración en cada caso particular, por pedimento do interesado e coas condicións que se indiquen.

En todo caso, as autorizacións nesta banda estarán condicionadas ao establecido no vixente Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias (CNAF) en relación ás atribucións na devandita banda de frecuencias.

Segundo. Título competencial. Esta orde dítase ao abeiro da competencia exclusiva estatal en materia de telecomunicacións, prevista polo artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición transitoria única. *Aspirantes con probas superadas en convocatorias anteriores.*

Os aspirantes a diplomas de operador das clases A e C que fosen declarados aptos nas probas primeira, segunda e terceira e non aptos na proba cuarta, a que se refire o Regulamento aprobado pola Orde do 21 de marzo de 1986, poderán solicitar o diploma de operador a que se refire o capítulo IV do devandito regulamento.

Disposición derradeira. Entrada *en vigor*.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 1 de marzo de 2005.

MONTILLA AGUILERA